
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA ATENDER AS DEMANDAS DA VECIÑANZA DO AVIO, DA TORREIRA E ROMAÑO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta o seguinte ROGO ao Pleno da Corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno da sesión ordinaria de xullo do 2021 o grupo municipal de Compostela Aberta presentou unha moción para instar á Deputación da Coruña a mellorar a seguranza viaria da DP0701 no termo municipal de Santiago contemplando a incorporación da reurbanización da secuencia Avio-Torreira-Romaño ao Plan de Travesías da Deputación para dar continuidade ás melloras urbanas realizadas hai máis de 10 anos xa no tramo de Galeras-Salvadas-Vista Alegre.

Un ano despois chegan demandas desde ese barrio, na mesma liña de incorporar como unha rúa máis urbana, abandonando o aspecto de estrada, desta rúa desde o Avio ata a Ponte do Romaño, dentro dun plano de peticións da veciñanza da zona que incorpora outras como o ordenamento da explanada onde está ubicado o restaurante “O bó Xantar” a altura do no 16,18,20 e 22 da Rúa da Torreira; a instalación de varandas nas beirarrúas en puntos da rúa da Torreira e rúa da Ponte do Romaño colindantes coas paradas do bus urbano; ou a necesidade de espello de tráfico entre o no 59 e o no 61 (perigo de accidentes por escasa visibilidade) da Rúa Torreira de arriba; entre outras moitas.

Todas estas demandas perfectamente explicadas nun informe que se fixo chegar aos grupos municipais e nos que se encontra unha auténtica auditoría cidadá das necesidades da veciñanza deste barrio. Polo anteriormente exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITA**:

- **Que se atendan as demandas da veciñanza do Avio e da Torreira recollidas na auditoría cidadá: INFORME VECIÑANZA AVIO-PONTE DO ROMAÑO**

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2022



Xan Duro Fernández

Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO